



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

R.X. UVIGO 1101 N° 200300004464
23/10/03

Tras as reiteradas peticións de cubrir 2 postos de auxiliar técnico de servizos xerais na Facultade de Ciencias de Vigo, o luns 13 de outubro cóbrese a praza solicitada para a quenda de mañá tirando da lista de agarda.

O I Convenio Colectivo no seu artigo 18, provisión temporal, establece claramente o procedemento de actuación e, concretamente no seu apartado terceiro, fixa os criterios a seguir cando se cubre un posto de traballo que posibilita o cambio de quenda, localidade ou categoría coma era este o caso.

É normal que o persoal que está esperando a oportunidade para cambiar de quenda, centro ou campus teñan moi presente o lugar que ocupan nas listas que xestiona o Servizo de RR HH, e cando se crea unha praza nova, a súa expectativa é que se cumpra co procedemento establecido.

Cando por algunha razón non se seguen as normas acordadas, ou se malinterpretan, prodúcese unha reacción en cadea de prexuízos que afecta, non só ás persoas, senón tamén ós servizos. É por iso, polo que a representación do persoal laboral, aínda sendo consciente das dificultades que entraña xestionar certas áreas do Servizo que vostede dirixe, pide que se poña a máxima atención para cumprir o que no Convenio, ou en calquera outra normativa, temos acordado. Ó tempo que manifestamos a nosa disposición para actualizar e mellorar, dentro do ámbito correspondente, calquera dificultade que impida o bo cumprimento do pactado.

Vigo, 22 outubro de 2003.
O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Cándido Pérez Betanzos

SR. XEFE DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO